



ORDENANZA FISCAL NÚM. 25.- REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.

ARTÍGO 1.-

FUNDAMENTOS E NATUREZA.

De conformidade co previsto na lei reguladora das Facendas Locais, o Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do subsolo, solo e voo da vía pública especificado nas Tarifas contidas no apartado 3 do artigo seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2.-

FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa de utilización privativa o aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública, nos termos establecidos no artigo 6 desta Ordenanza, onde se regulan as tarifas a aplicar.

ARTÍGO 3.-

SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a favor das que outorguen as licencias para gozar do aproveitamento especial, ou os que se beneficien do mesmo, sen ter solicitado licencia.

ARTÍGO 4.-

RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexán causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción a súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas Entidades.

3.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:



- a) Cando se cometeu unha infracción Tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) Nos supostos de cese das actividades da sociedade, o importe das obrigacións tributarias pendentes na fecha do cese.

4.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

5.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial teñan aparellada a destrución ou deterioro do dominio público, o beneficiario sen prexuízo do pago da taxa á que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos gastos da reconstrución ou amaño e depósito previo do seu importe.

ARTÍGO 5.-

BENEFICIOS FISCAIS.

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pagamento da taxa cando solicitasen licencia para gozar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servicios públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2.- Non se aplicarán bonificacións ni reducións para a determinación da débeda.

ARTÍGO 6.-

COTA TRIBUTARIA.

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas Tarifas contidas no apartado 3 seguinte.

2.- Non obstante o anterior, para as Empresas determinadas no apartado 1 c) do artigo 24 da lei de Facendas Locais, a contía da taxa regulada nesta ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal ditas empresas. A estes efectos, entenderase por ingresos brutos o que ó respecto se estableza na mesma lei.

A contía desta taxa que puidera corresponder a Telefónica de España S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual á que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/87, de 10 de xullo.

As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles as empresas explotadoras dos servizos de subministracións citadas neste punto son compatibles co Imposto sobre Construcións, Obras e Instalacións e con outras taxas que teña establecidas, ou poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades da competencia local, das que as mencionadas empresas deberán ser suxeitos pasivos.

3.- As tarifas da taxa serán as seguintes:

Por cada metro de liña ou tendido de enerxía ou forza motriz para tódolos usos.	0,032.- €
Por cada columna ou soporte de ferro ou formigón colocado na vía pública para o sostemento de condutores de enerxía eléctrica.	0,80.- €
Por cada columna de madeira para idem	1,15.- €
Por cada palomilla ou outra instalación semellante unida á edificación, que voe sobre a vía pública ou terreos en común	0,12.- €
Caixa de amarre, distribución ou rexistro ou análogas	0,80.- €
Casetas de transformadores de alumeado eléctrico por metro cadrado ou fracción	1,80.- €
Por cada báscula automático que se estableza na vía pública	36,70.- €
Por cada aparato automático para a venta de gasolina, gas-oil ou de calquera outro produto, por metro cadrado ou fracción	3,70.- €

4.- Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licenza pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.

A) INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS SUBTERRÁNEAS.

a) Conduccións.

1.- De baixa tensión:

Por cada metro lineal de conducción eléctrica subterránea formada como máximo de dous polos e neutro no caso de corrente continua, ou de tres fases e un neutro en caso de corrente trifásica:

Ata 10 mm ² de sección	0,032.- €
De 11 a 100	0,032.- €
De 101 a 100	0,032.- €
De 501 a 1000	0,053.- €
De máis de 1000	0,064.- €

2.- De Alta tensión:

Por cada metro lineal, comprendidas tódalas fases	0,043.- €
---	------------------



b) Outras instalacións.

Por metro cadrado ou fracción:

1.- Caixas de distribución (baixa tensión)	1,80.- €
2.- Caixas de derivación (alta tensión)	2,60.- €
3.- Quioscos transformadores:	
En rúas de 1 a e 2 a	3,70.- €
Noutros terreos do común dentro do casco urbano	1,50.- €
Fóra do casco urbano	0,80.- €

c) Transformadores rotativos

	Rúas	Terreos	Fora do
	1a -2a	C. Urbano	C. Urbano
Ata 25 KW	4,40.- €	2,20.- €	1,45.- €
De 26 a 50 KW	7,30.- €	3,70.- €	2,60.- €
De 51 a 100	14,70.- €	7,30.- €	4,40.- €
De máis de 100	25,75.- €	11,05.- €	7,30.- €

d) Transformadores estáticos.

As cotas do epígrafe anterior reduciranse nun 20 por 100.

B) TUBOS PARA AUGA OU GAS.

Para metro lineal:

Ata 50 mm de diámetro	1,50.- €
De 51 a 150	2,20.- €
De máis de 150	2,95.- €

C) “LUCERAS” OU DEPÓSITOS DE BEIRARRÚAS PARA SERVICIOS DE EDIFICIOS.

Por metro cadrado ou fracción:

En rúas de 1 a. e 2 a. Categoría	1,80.- €
Terreos do casco urbano	0,57.- €
Terreos fóra do casco urbano	0,35.- €

D) DEPÓSITOS.

Por metro cúbico de volume:

Rúas	Terreos	Fóra do
-------------	----------------	----------------

	1 a. – 2 a	C. Urbano	C. Urbano
Para combustible	3,70.- €	1,45.- €	0,57.- €
Outros depósitos	1,45.- €	0,45.- €	0,35.- €

E) CAIXEIROS AUTOMÁTICOS.

Anexos ou non a establecementos de créditos, instalados con fronte directo a vía pública, en línea de fachada, actividade autorizada ó ano por unidade..... **318,85.- €**

ARTÍGO 7.-

NORMAS DE XESTIÓN.

1.- As cantidades esixibles de acordo coas Tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberá solicitar previamente a correspondente licencia e realiza-lo depósito previo ó que se refire o artigo seguinte.

3.- Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos intereses.

4.- A presentación da baixa causará efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obrigaçión de continuar abonando a taxa.

5.- A taxa prevista no punto 2 do artigo anterior deberá ser satisfeita polas empresas prestadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade da veciñanza tanto cando sexan propietarias da rede que materialmente ocupa o subsolo, solo e voo das vías públicas municipais, como no suposto que utilicen redes que pertencen a un tereiro.

ARTÍGO 8.-

NOTIFICACIÓNS DAS TAXAS.

1.- A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamentos singulares realizarase ó interesado, no momento en que se presenta a autoliquidacións, con carácter previo á prestación do servizo.

Non obstante o previsto no apartado anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultara incorrecta, practicarase a liquidación complementaria.



2.- Nos supostos de taxas por aproveitamento especiais continuados que teñen carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública no padron notaboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

3.- Ó abeiro do previsto na Disposición Transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta Ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas ó requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ó pagamento do prezo público o que substitúen.

4.- O pagamento da taxa realizarase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingresos directo na Tesourería Municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia. Este ingreso terá carácter de depósito previo, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por semestres naturais nas oficinas de Recadación, desde o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo mes.

ARTÍGO 9.-

INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto na Lei Xeral Tributaria, a súa normativa de desenvolvemento e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal rexerá a partires do día 1 de xaneiro de 2008 e manterase en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.